

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 27 DE MARZO DE 2015

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as vinte horas do día vinte e sete de marzo do ano dous mil quince, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión ordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D^a. M^a Monserrat Magallanes Alvarez
- D. Miguel Angel Español Otero
- D. Paulino Rodríguez González.
- D^a. M^a Teresa Vicente Baz.
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D^a. Carmen M^a Castro González.
- D^a. M^a de Fátima Iglesias Ferreira.
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo.
- D. Antonio Fontenla Martínez
- D^a. Hortensia M^a Vicente Santiago
- D. Javier González Verde
- D^a. Carmen Gloria Fernández Ozores
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D^a. Hortensia García Díaz
- D^a. Beatriz Estévez Álvarez

Actúa como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martinez Crespo. Asiste a Interventora municipal, dona Ana Llorca Maneiro.

O sr. Alcalde da inicio a sesión informando que, antes de entrar a debater os puntos que conforman a orde do día, ten que dar conta dun escrito que foi presentado esta mañá no Rexistro do Concello que afecta á composición do Pleno no que respecta á formación dos grupos políticos. Sinala que é necesario para elo que o Pleno da Corporación vote a urxencia deste punto para poder ser tratado nesta sesión.

O portavoz do BNG, Sr. Lomba Alonso considera que é importante que conste cal é o motivo exacto desta urxencia polo que o Sr. Alcalde explica que se presentou un escrito no rexistro por Dna. Fátima Iglesias Ferreira e tres concelleiros máis do Grupo Municipal do PP (Sr. Rodríguez Amenedo, Sr. Gonzalez Verde e Sra. Fernandez Ozores) segundo o cal os catro concelleiros nomeados deixan de representar ó Partido Popular . Explicado esto, procédese á votación da urxencia que é aprobada pola unanimidade da corporación polo que o Sr. Alcalde da conta literal do contido do escrito.

PUNTO PRIMEIRO.- DAR CONTA DOS DECRETOS

A sra. Estevez Alvarez do Crupo de Convergencia Galega dase por enterada.

O sr. Lomba Alonso sinala que o BNG dase por enterado.

O sr. Fontenla Martinez sinala que o grupo do PP dase por enterado.

A sra. Ferreira Iglesias sinala que o grupo dos non adscritos dase por enterado.

PUNTO SEGUNDO.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITO 3/2015.

O sr. Alcalde da lectura a seguinte PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vistos os documentos que integran o expediente (as facturas expedidas polos diferentes acredores, así como a acreditación da existencia de crédito dispoñible, suficiente e axeitado para facer fronte ó recoñecemento das correspondentes obrigas).

Considerando que na súa tramitación cúmprense os requisitos que sinala a lexislación vixente nesta materia (artículo 60 do Real Decreto 500/90, de 20 de Abril, o artículo 50 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro e artículo 448 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril) e visto, así mesmo, o Informe de Intervención, propónse a adopción do seguinte acordo,

1º) Que se aprobe o recoñecemento extrajudicial de crédito 3/2015 por importe total de 82.321,42 € co detalle das facturas do Anexo I que se adxunta no expediente.

2º) Que a aprobación deste gasto de lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente correspondan.

O Pleno decidirá o que estime máis conveniente.

A Sra. Magallanes Alvarez explica que este recoñecemento engloba as facturas presentadas a partir do 7 de xaneiro de 2015 e que aproximadamente o 50% delas están relacionadas co consumo de electricidade. Remata pedindo ó voto favorable a este recoñecemento extrajudicial.

A sra. Estevez Alvarez di que o seu grupo votará a favor porque, aínda que non comparte a maneira de actuar do grupo de goberno, entende que os provedores deben cobrar os servizos prestados.

O sr. Lomba Alonso di que é evidente que cando un fai un traballo hai que pagar e que o BNG non vai ser obstáculo para que se pague. Engade que hai recoñecementos que se poden chegar a entender pero que en calquera caso estamos asistindo a unha forma errática de gobernar.

O sr. Fontenla Martínez di que tampouco eles van ser obstáculo para que se pague a estes provedores pero cre que debería instarse a éstos para que presenten as facturas en prazo e non ter que chegar a este punto.

A sra. Ferreira Iglesias en representación dos non adscritos indica que non van a ser obstáculo para que os provedores cobren.

A sra. Magallanes Alvarez engade que estes provedores van cobrar xa na próxima semana.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González, Castro González e Estevez Alvarez (nove votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, González Verde, Vicente Santiago, Fernández Ozores, Lomba Alonso e García Díaz (oito abstencións).

PUNTO TERCEIRO.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 7/2015

O sr. Alcalde da lectura a seguinte PROPOSTA DA ALCALDÍA:

Vista a memoria de Alcaldía así como o informe emitido por Intervención no expediente de modificación de crédito 7/2015 mediante transferencia de crédito.

Considerando a competencia de pleno para aprobar o cambio de finalidade da operación de crédito concertada no exercicio 2001 para a realización da apertura da rúa Inguieiros, así como para a aprobación da transferencia de crédito da aplicación orzamentaria da rúa Inguieiros á correspondente ás obras a realizar na praza da abastos.

En virtude do disposto no artigo 179.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o cambio de destino da finalidade da operación de crédito concertada no ano 2001 co Banco de Crédito Local para a realización da apertura da rúa Inguieiros, destinándose 39.155,47 euros a melloras na praza de abastos e 22.129,73 euros a dotación de servizos na rúa Manuel Álvarez.

Segundo.- Aprobar provisionalmente o expediente administrativo de modificación de crédito 7/2015, mediante transferencia de crédito, coa seguinte distribución:

Aplicación orzamentaria cedente:

- 153.1 619 Rúa Inguieiros -39.155,47 €

Aplicación orzamentaria que debe recibir o crédito cedido:

431 632 Comercio. Inversión de reposición. Edificios 39.155,47 €

Na tramitación do expediente administrativo de modificación de crédito 7/2015 seguiranse as normas establecidas nos artigos 179 e 180 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, nos artigos 40, 41, e 42 do Real Decreto 500/90, e na base de execución 9ª do orzamento xeral do Concello da Guarda para o ano 2015.

O expediente administrativo de modificación de crédito 7/2015 quedará aprobado definitivamente sen necesidade de novo acordo plenario se no período de exposición ao público de aquel non foran presentadas reclamacións.

A sra. Estevez Álvarez sinala que o Grupo de Goberno realiza esta modificación porque lle da prioridade a unas obras respecto a outras, que non van valorar esta decisión e non van a por impedimentos, polo que se absterán na votación.

O sr. Lomba Alonso sinala que se hai un fracaso no Concello da Guarda ese é a rúa Inguieiros. Leva proxectada hai moitos anos e nunca se acomete e lle preocupa que se baleire a partida asignada a esta obra e siga sen executarse. Indica que van absterse.

O sr. Fontenla Martínez di que non van valorar as prioridades das obras que establece o grupo de goberno pero que coincide con BNG en que non ten sentido a situación na que se atopa a rúa Inguieiros e que antes ou despois hai que darlle unha solución. Indica que o seu grupo vaise abster.

A sra. Ferreira Iglesias, en representación dos non adxcritos, manifesta que non valoran a prioridade das obras pero cren que a Praza de Abastos quedou un pouco abandonada e que non van poñer obstáculos a esta aprobación.

O sr. Español Otero di que coincide en que a rúa Inguieiros é un tema “enquistado” no Concello da Guarda pero tamén é certo que se intentou levar a cabo en varias ocasións. Elaboráronse, durante o mandado do Grupo Municipal Socialista, dous proxectos diferentes pero cando se comezou a tramitación produxose unha denuncia por parte dun particular porque dicía que o proxecto aprobado non estaba adaptado ó PXOU. Este particular levou o caso o Xulgado e, aínda que perdeu en primeira instancia, recorre ó TSXG quen lle da razón e obriga a parar a execución deste proxecto. Así, para aperturar a rúa Inguieiros só hai dúas alternativas: a modificación do Plan Xeral ou a aprobación dun novo Plan Xeral.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, González Verde, Vicente Santiago, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estevez Alvarez(nove abstencións).

PUNTO CUARTO.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA E ESTANCIA NA GARDERÍA MUNICIPAL DA GUARDA.

O sr. Alcalde da lectura a seguinte PROPOSTA DA ALCALDÍA:

Para dar cumprimento ao establecido no Decreto 148/2014, de 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, este Concello ten que modificar o cadro de tarifas da ordenanza reguladora do prezo público pola asistencia e estancia na gardería municipal de A Guarda.

Nos termos que establecen os artigos 49 e 70.2 da Lei de Bases de Réxime Local, Lei 7/1985, de 3 de abril, e emitidos os informes dos servizos sociais municipais e da intervención municipal, e, en consonancia coa documentación que integra o expediente, propónse ó Pleno da Corporación que, despois do exame do dito expediente, adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do ANEXO da Ordenanza reguladora do prezo público pola asistencia e estancia na gardería municipal de A Guarda, que quedará redactado da seguinte maneira:

ANEXO

1.- Prezo da atención educativa.

O prezo pola atención educativa en xornada completa fíxase en 164,01 €.

Segundo o nivel de renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 3 deste anexo.

2.- Prezo por servizos complementarios.

a. Servizo de comedor

O prezo por este servizo fíxase en 71,76€

Segundo o nivel de renda da unidade familiar sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 3.

No caso de nenos e nenas que non utilicen o servizo de comedor de maneira habitual e que excepcionalmente e por motivos xustificados desexen utilizalo algún día solto, o prezo será de 4,10 euros por día.

b. *Horario ampliado*

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario de atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 20,50 €.

3.- *Aplicación dos prezos públicos mensuais segundo os tramos de renda da unidade familiar.*

a) *Rendas inferiores ao 30 por cento do IPREM*

Prezo da praza con servizo de comedor 0 €, sen servizo de comedor 0 €.

b) *Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM*

Prezo da praza con servizo de comedor 16,91 €, sen servizo de comedor 0 €.

c) *Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM*

Prezo da praza con servizo de comedor 50,74 €, sen servizo de comedor 33,83 €.

d) *Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM*

Prezo da praza con servizo de comedor 93,28 €, sen servizo de comedor 67,65 €.

e) *Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM*

Prezo da praza con servizo de comedor 144,53 €, sen servizo de comedor 108,65 €.

f) *Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM*

Prezo da praza con servizo de comedor 180,41 €, sen servizo de comedor 129,16 €.

g) *Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM*

Prezo da praza con servizo de comedor 203,99 €, sen servizo de comedor 142,49 €.

h) *Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM*

Prezo da praza con servizo de comedor 235,77 €, sen servizo de comedor 164,01 €.

4.- *Descontos :*

A) *Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplica-lo disposto nos puntos anteriores, aplicaranse os seguintes descontos non acumulables entre sí:*

- a. *Nenos/as pertencentes a familias numerosas: desconto dun 20 por cento.*
- b. *Nenos/as pertencentes a familias monoparentais: desconto dun 20 por cento.*
- c. *Cando asistan ó mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto do 20 por cento.*

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concurrentes no momento da presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da devindicación da declaración do IRPF.

B) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra do prazo, traslado de residencia, etc) o neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50%).

Os prezos públicos establecidos neste decreto serán de aplicación na escola infantil municipal de A Guarda desde o día 1 de setembro de 2015.

A presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno do Concello da Guarda, en sesión extraordinaria celebrada o día 11 de maio de 2014, sendo a derradeira modificación a aprobada polo Pleno en sesión ordinaria de data 27 de marzo de 2015.

Segundo.- Expoñer ó público o presente acordo mediante anuncios no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de trinta días hábiles que contarán a partir do seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- As reclamacións presentadas serán resoltas pola Corporación en Pleno, e de non existir, entenderase definitivamente aprobado o acordo inicial, debéndose proceder en todo caso á publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, e do texto íntegro da ordenanza.

O Pleno decidirá o que crea mais conveniente.

A Sra. Estevez Alvarez sinala que está claro que é unha imposición da Xunta de Galicia e que non comparten os incrementos que se propoñen pero que se van a abster na votación.

O Sr. Lomba Alonso tamén incide en que é unha imposición da Xunta de Galicia que non comparten e que se van a abster.

O sr. Fontenla Martinez manifesta que se van a abster pero que vota de menos que no Concello da Guarda non se contemplan as mesmas normas e as mesmas condicións que no resto de Concellos de Galicia.

A sra. Iglesias Ferreira indica que non van poñer impedimentos a esta proposta.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, González Verde, Vicente Santiago, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estevez Alvarez(nove abstencións).

PUNTO QUINTO.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE SUPRESIÓN DAS RETRIBUCIÓNS DO CARGO DE ALCALDE EN REXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA.

O sr. Alcalde da lectura a seguinte PROPOSTA DA ALCALDÍA:

O Pleno do Concello da Guarda, en sesión de data 29 de xullo de 2011 adoptou o acordo de outorgar o réxime de dedicación exclusiva ó Alcalde do Concello da Guarda, cunha retribución anual de catorce pagas brutas de 3.197,24 euros.

O día 17 de marzo de 2015 esta Alcaldía presentou escrito polo Rexistro Xeral do Concello no que manifesta que solicitou a súa xubilación ó Sr. Xefe Territorial de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria con efectos dende o 1 de xuño de 2015

tendo en conta o disposto no artigo 75.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Base de Réxime Local, e o artigo 13.2 do ROF, segundo os cales a percepción de retribucións polo exercizo do cargo de membro dunha corporación local en réxime de dedicación exclusiva será incompatible coa percepción de retribucións con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas

e dado que a competencia en materia de determinación do réxime de dedicación exclusiva dos corporativos corresponde o Pleno do Concello, formulase a seguinte proposta :

PRIMEIRO.- *Supresión das retribucións outorgadas ó Alcalde da Guarda no Pleno de data 29 de xullo de 2011 con efectos dende o día 1 de xuño de 2015.*

SEGUNDO.- *Notificar o presente acordo ó interesado, ó departamento de Intervención municipal e publicalo no Boletín Oficial da Provincia."*

O Sr. Lomba Alonso considera que é un dereito de todo traballador e que lle desexa unha feliz xubilación.

Sometida a proposta a votación foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezasete votos a favor).

PUNTO SESTO.- PROPOSTA DA ALCALDIA DE APROBACIÓN DOS MODELOS DE DECLARACIÓN SOBRE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E SOBRE CALQUERA ACTIVIDADE QUE LLE PROPORCIONE OU POIDA PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS E DECLARACIÓN SOBRE BENS PATRIMONIAIS.

O Sr. Presidente da conta da seguinte proposta da Alcaldía:

DADO que o vindeiro 24 de maio de 2015 se celebran eleccións municipais para a constitución da corporación do Concello da Guarda.

VISTA a necesidade prevista na lexislación de presentar con carácter previo á toma de posesión como concelleiro/a, as declaracións sobre causas de posible incompatibilidade e sobre bens patrimoniais.

*VISTO o disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, segundo o cal estas declaracións serán **formuladas nos modelos aprobados polo pleno**, antes da toma de posesión, con ocasión do cese e ao final do mandato, así como cando se modifiquen as circunstancias de feito.*

VISTO o disposto nos artigos 108.8, 177.2 e 178 da LO 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral; os artigos 30 a 32 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, e a lexislación básica anteriormente citada, PROPOÑO Ó PLENO DO CONCELLO, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Plenarios, a adopción do seguinte ACORDO:

Aprobar os modelos correspondentes ás declaracións que se citan á continuación:

- Declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lle proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos (ANEXO I)
- Declaración sobre bens patrimoniais (ANEXO II).

Continua explicando en que consisten as declaracións de bens.

A sra. Estevez Alvarez sinala que votarán a favor

O sr. Lomba Alonso sinala que as persoas que se dedican a política o deben facer de xeito transparente e estas medidas contribuen a elo. Sinala que van votar a favor.

O sr. Fontenla Martinez di que van a votar a favor pero quere deixar claro que ata o de agora tamén existía transparencia, xa que presentaban declaración.

A sra. Iglesias Ferreira di que votarán a favor.

Sometida a proposta a votación foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezasete votos a favor).

PUNTO SÉTIMO.- DAR CONTA DO ENVÍO DO MARCO ORZAMENTARIO 2015 - 2018 Ó MINISTERIO DE FACENDA E ADMÓN. PUBLICAS

O sr. Alcalde explica en que consiste este punto e que só se trata de dar conta.

A Sra. Estevez Alvarez di que o seu grupo dase por enteirado.

O Sr. Lomba Alonso sinala que estas medidas sobrecargan ós servizos económicos do Concello e que ademais trátase de ciencia ficción. Dase por enteirado.

O Sr. Fontenla Martinez si que o seu grupo dase por enteirado.

A sra. Iglesias Ferreira di que o grupo dos Non Adscritos dase por enteirado.

PUNTO OITAVO.- DAR CONTA DO ENVÍO Ó MINISTERIO DE FACENDA E ADMÓN PUBLICAS DA EXECUCIÓN DO 4º TRIMESTRE DO ORZAMENTO MUNICIPAL.

A Sra. Estevez Alvarez di que o seu grupo dase por enteirado.

O Sr. Lomba Alonso di que o seu grupo dase por enteirado.

O Sr. Fontenla Martinez si que o seu grupo dase por enteirado.

A sra. Iglesias Ferreira di que o grupo dos Non Adscritos dase por enteirado.

PUNTO NOVENO.- DAR CONTA DO ENVÍO Ó MINISTERIO DE FACENDA E ADMÓN. PÚBLICAS DO ORZAMENTO DO ANO 2015 DO CONCELLO DA GUARDA E DO PADROADO MUNICIPAL SANTA TREGA.

O Sr. Lomba Alonso manifesta que lle parece incongruencia política que o Partido Socialista critique en Madrid a aprobación en Comisión de Goberno dos Orzamentos e o Grupo municipal socialista da Guarda aprobe os orzamentos en Xunta de Goberno Local.

A sra. Magallanes Alvarez di que o orzamento 2015 si que pasou polo Pleno.

O sr. Lomba Alonso resposta que si pasou pero non se aprobou en Pleno.

A Sra. Estevez Alvarez di que o seu grupo dase por enteirado.

O Sr. Lomba Alonso di que o seu grupo dase por enteirado.

O Sr. Fontenla Martinez si que o seu grupo dase por enteirado.

A sra. Iglesias Ferreira di que o grupo dos Non Adscritos dase por enteirado.

PUNTO DÉCIMO:- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2014.

A sra. Magallanes Alvarez quere resaltar que os datos son moi positivos en tódolos aspectos.

A Sra. Estevez Alvarez di que o seu grupo dase por enteirado.

O Sr. Lomba Alonso di que o seu grupo dase por enteirado.

O Sr. Fontenla Martinez si que o seu grupo dase por enteirado.

A sra. Iglesias Ferreira di que o grupo dos Non Adscritos dase por enteirado.

PUNTO UNDÉCIMO- MOCIÓNS:

R.E. Nº 1.148 DO BNG. MOCIÓN PARA DEMANDAR UN PLAN DE EMPREGO FEMININO.

A Sra. García Díaz da lectura a seguinte moción:

MOCIÓN PARA DEMANDAR UN PLAN DE EMPREGO FEMININO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación de desigualdade que viven as mulleres galegas viuse acentuada co aumento da precariedade laboral desde comezos da crise, sen a implantación de políticas efectivas que puidesen frear o crecemento da fenda que sitúa as mulleres á marxe e que lles deixa cada vez máis as portas abertas ao desemprego, ao emprego precario ou á emigración. Diferentes estudos e informes recollen datos sobre o desemprego e as lamentábeis condicións dos traballos que desempeñan as mulleres na

Galiza a día de hoxe, así como o elevadísimo número, sobre todo de mozas, que se viron abrigadas a abandonaren o noso país na procura dun futuro mellor. Falan os datos de diferentes estudos, entre eles os publicados polo IGE, e reflicten que a situación das mulleres no noso país vén empeorando de forma alarmante nos últimos anos.

A pesar de escoitarmos insistentemente o discurso da igualdade conseguida, a realidade reflicte que a fenda salarial continúa ampliándose e as mulleres son as principais afectadas cando nos referimos ás persoas que se atopan en risco ou situación de exclusión social. Asemade, o desigual reparto de responsabilidades á hora de asumir o traballo non remunerado supón que a maternidade sexa un factor de penalización sobre o emprego das mulleres. As chamadas políticas de austeridade frearon a posta en marcha de políticas de igualdade, tanto a nivel lexislativo como de realización de programas concretos. Así, algúns instrumentos con medidas antidiscriminatorias, como a Lei 21/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galiza, está paralizada. Nesta lei manifestábase o compromiso da Xunta de Galiza para integrar a dimensión de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, cumprindo co seguimento das políticas e accións sobre as que existen competencias en relación ao acceso ao emprego, desenvolvendo políticas de integración e apostando pola igualdade no ámbito laboral. Algunha das medidas máis necesarias neste momento incluídas nesta lei, como é a posta en marcha de medidas que mellaren o emprego feminino, continúa a agardar pola súa implementación. Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar ao goberno da Xunta de Galiza a cumprir, nun prazo máximo de dous meses, coa promesa de aprobar un Plan de Emprego Feminino, co orzamento necesario para se desenvolver ao longo dos próximos catro anos. Este plan terá por obxectivo establecer medidas destinadas a incrementar a taxa de emprego feminino, promover a contratación de mulleres nos sectores en que está subrepresentada, reducir o alto grao de precariedade das traballadoras na Galiza, atallar as problemáticas específicas das mulleres nos ámbitos produtivos -labregas, mariscadoras, redeiras,.. atendendo especificamente a problemática das mozas galegas para accederen ao emprego.

A Sra. Estevez Alvarez di que votarán a favor

O sr. Fontenla Martínez di que absterán.

A sra. Iglesias Ferreira di que se absterán

A sra. Magallanes Alvarez di que votaran a favor pero vota en falta que se expliquen algúns aspectos propios deste tema como é a diferenza salarial entre homes e mulleres e a maior concienciación respecto á conciliación laboral e familiar.

Sometida a votación a moción foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González e Castro González. Lomba Alonso, García Díaz e Estevez Alvarez (once votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Gonzalez Verde, Fernandez Ozores, Fontenla Martínez e Vicente Santiago(seis abstencións).

R.E. Nº 1.780 DO GMS. INVERSIÓN DA XUNTA NAS INSTALACIÓNS EDUCATIVAS MUNICIPAIS.

Dase conta da seguinte moción que non é lida polo Sr. Lomba Baz aínda que sí a explica.

O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE da Guarda, coa participación das xuventudes Socialistas da Guarda, en base o disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Rexime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presentan esta moción relacionada coa inversión da Xunta nas instalacións educativas municipais.

EXPOSICION DE MOTIVOS

Nos últimos anos vimos observando como a Xunta de Galicia ven atacando todos aqueles dereitos e servizos que logramos tras máis de trinta anos de aposta polo estado do benestar, xa que non só coas súas políticas privatizadoras de sanidade ou na falta de opcións no emprego sostible e de calidade na nosa comunidade, senón tamén agora pondo en perigo os usuarios dalgúns centros de ensino da nosa vila ao non acometer certas obras, como prometeu fai algúns meses a Consellería de Educación.

A deixadez nas súas funcións non é máis que a demostración práctica do que xa víñamos observando no plano teórico cos últimos orzamentos nos que vemos o escaso diñeiro destinado á educación en comparación aos últimos anos por exemplo no ámbito universitario.

A inversión realizada nos últimos anos non arranxa o estado das instalacións educativas, polo que non vale de nada escudarse en cifras claramente infladas e non realistas. En moitos casos son obras que se atopan en estado obsoleto como a rede de datos do instituto. A efectos prácticos a inversión na nosa vila e os seus centros, como en toda Galicia cada ano é menor, como consecuencia das políticas levadas a cabo polo goberno do Sr. Feijoo. Pola contra, dende o Concello adícanse cada ano máis recursos e mellora da Eduación na nosa vila, pero non son suficientes para acometer obras de gran dimensión como pode ser o arranxo da cuberta do pavillón das Solanas.

A Xunta de Galicia é responsable do arranxo da cuberta do patio interior do CEIP A Sangriña, malia que parece esquecer as súas competencias, a pesar das continuas peticións dos afectados, estudantes e docentes e os compromisos adquiridos ante eles.

Porén, propoñenos ó Pleno Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Instar á Consellería de Educación que acometa as obras comprometidas ante os Consellos escolares dos centros afectados e as Asociacións de Nais e Pais da vila.

O sr. Lomba Baz non da lectura a moción senón que a explica. Considera que o mantemento dos centros educativos do Concello está a ser bo pero que hai certas obras que polo seu volume non corresponden ó Concello senón á Xunta. Cando se producen este tipo de situacións os directores dos Centros e o propio Concello lle trasladan a cuestión á Xunta. En concreto hai dúas actuacións máis destacadas que son o pavillón de Solanas e a parte de atrás da Sangriña. Nas visitas do xefe provincial admitiu que eran obras que lle tocaba executar á Xunta, incluso falaba de incluír as obras da Sangriña nos orzamentos deste ano. Dende esta visita non se conseguiu falar con el e por eso se emitiu a nota de prensa. As obras hai que executalas porque afectan a seguridade. Fai referencia tamén a que o IES da Sangriña non ten unha rede de datos.

A sra. Estevez Alonso pregunta sobre se a moción non ten que vir asinada con nome e apelidos ademais da sinatura, ao que lle contesta o Alcalde que todos os membros da corporación saben que se trata da sinatura de Miguel Español. .

O sr. Lomba Alonso: O bloque xa criticou a política educativa da xunta. Di que o BNG tamén denunciou a situación do colexio Manuel Rodríguez Sinde e ata o de agora non se fixo nada. Sinala que o Consello Escolar do Instituto da SAngriña e o propio BNG levan tempo pedindo melloras no entorno do centro e tampouco se fixo nada. Parécelle sorprendente que se traia esta moción no último pleno da lexislatura xusto despois de manter unha disputa na prensa coa Xunta de Galicia e despois de catro anos gobernando. En calquera caso hai obras de competencia municipal que non se realizan, como por exemplo no centro da Sangriña a limpeza das herbas e o alumeadado. Parécelle lamentable o debate mediático que se mantivo e para rematar sinala que o BNG, ó contrario do que fixo o PSOE, vai apoiar esta moción.

O Sr. Fontenla Martínez manifesta que lle pareceu ridículo o cruce de declaracións entre as dúas administracións na prensa. Continúa dicindo que hai unha diferenza entre o que di o concelleiro e o que pon a parte resolutiva da moción, xa que mentras que o concelleiro fala de reunións e conversas para chegar a acordos, na moción só se fala de que a Xunta faga as obras. Por esta razón o grupo municipal do Partido Popular vaise abster.

A sra. Iglesias Ferreira di que vota de menos algúns aspectos nesta moción como por exemplo que se especifiquen cales son as obras comprometidas pola Consellería. Sinala que non queda claro cales son as competencias municipais e cales as autonómicas pero que comparten a inquietude do equipo de goberno por algunhas situacións como a cuberta do patio da SAngriña. Remata dicindo que lle parece que a moción resulta un pouco escueta.

O sr. Lomba Baz responde que na moción si que se fala de obras concretas: aquelas comprometidas polo Xefe Territorial de Educación cando xirou visitas ós centros. Fálase de dúas obras: pavillón de Solanas e Cuberta da SAngriña. Di que ademais destes compromisos xa adquiridos, o que se pretende é que veña á Guarda a falar doutras que tamén poderían ser competencia da Xunta de Galicia.

O sr. Español Otero informa que no día seguinte a este pleno vaise arranxar o entorno (a zona de aparcamento) da Sangriña con cargo ó PUSIM.

Sometida a votación a moción foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González e Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, González Verde, Fernandez Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estevez Alvarez (quinze votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Fontenla Martínez e Vicente Santiago (dúas abstencións).

R.E. Nº 1.781 DO GMS. A HORA DO PLANETA

*O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE da Guarda, por petición das Xuventudes Socialistas da Guarda, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presentan esta **MOCIÓN** relativa a "**A HORA DO PLANETA**".*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Organización non gubernamental WWF-ADENA leva a cabo a iniciativa nomeada "A Hora do Planeta", que pretende implicar aos cidadáns, organizacións, institucións,

governos e empresas na loita contra o cambio climático, un dos maiores retos aos que se enfronta a sociedade na vindeira década.

A proposta de levar a cabo un apagado simbólico o día 28 de Marzo dende as 20:30 as 21:30 dos edificios municipais da Praza do Reló, serve para seguir concienciando a aqueles que todavía non entenden a necesidade de ser eficientes no uso da enerxía para preservar o noso entorno. A aposta levada a cabo polo Concello cara o desenvolvemento sostible para protexer o ecosistema que nos rodeará nun futuro, é un pequeno paso no longo camiño a recorrer nos anos venideros, con políticas máis consistentes na protección do ecosistema.

Medidas de aforro enerxético, como a redución e optimización da calefacción, de iluminación ordinaria, instalación de bombillas de baixo consumo, deben ser promovidas dende o Concello para que cada vez máis enerxía deixe de ser gastada en balde.

Aproveitamos tamén esta oportunidade para denunciar o innecesario e inadecuado proxecto de Reforma da Ley de Montes presentada polo Partido Popular, que atesta un duro golpe á preservación da biodiversidade con medidas como por exemplo o permiso ás Comunidades Autónomas a autorizar construción en terrenos incendiados. Isto non é máis que outro dos exemplos das políticas medioambientais levadas a cabo por este goberno, tras ver o resultado da Lei de Costas e de Parques Naturais.

Por todo o anterior, as Xuventudes Socialistas da Guarda propoñen ó Pleno Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Apoiar a solicitude presentada o día 19 de Marzo en relación a iniciativa "A Hora do Planeta", ca participación e visualización do acto de apagado simbólico, ca asistencia dos representantes políticos que queiran achegarse.

2.- Instar á Xunta de Galicia á mellora e desenvolvemento de métodos de xestión eficientes para a conservación e aproveitamento dos montes do país que combinen co desenvolvemento sostible.

3.- Instar ao Goberno de España do Partido Popular a retirada do proxecto da Reforma da Ley de Montes.

O sr. Rodríguez González explica que se vai proceder a un apagón nalgunha zona e que convida ós representantes políticos a acudir

O sr. Alcalde explica en que consiste a moción.

A sra. Estevez Alvarez di que votarán a favor.

A sra. García Díaz pregunta en que vai consistir o apagón e quere felicitar á mocidade por estas inquedanzas sobre o medio ambiente. Non entende que se meta no medio da moción a Lei de Montes. Van votar a favor.

O sr Fontenla Martinez pide que haxa unha maior implicación por parte do Grupo de Goberno e non só pedir ó resto. Sempre se está instando a todos os organismos existentes menos ó Concello da Guarda.

A sra. Iglesias Ferreira di que se trata dunha moción un pouco complicada porque mezcla a hora do planeta coa Lei de montes. Indica que algún membro non poderán acudir ó acto de apagado por razóns de axenda pero que votarán a favor.

Sometida a moción a votación foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González,

Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezasete votos a favor).

R.E. Nº 1.784 DO BNG. MOCIÓN PARA DEMANDAR A MELLORA DO SERVIZO DE CORREOS NO NOSO CONCELLO.

O Sr. Lomba Alonso da lectura da seguinte moción:

MOCIÓN PARA DEMANDAR A MELLORA DO SERVIZO DE CORREOS NO NOSO CONCELLO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Correos é o provedor público de servizos de comunicación de cartas e de paquetería que presta un servizo postal universal, baixo os supostos de eficiencia, calidade e sustentabilidade. Polo seu carácter público, convértese nun actor fundamental nas relacións da cidadanía coas administracións públicas e coas empresas, tal e como recollen a Lei postal 4312010, de 30 de decembro (artigo 24) ou a (artigo 21).

En numerosos lugares da Galiza veciños e veciñas denuncian os atrasos inxustificábeis na entrega do correo postal que están a deixar en evidencia a nefasta atención do servizo postal, unha situación que se agrava no medio rural do noso país.

As demoras superan máis de quince días e afectan de xeito xeneralizado o rural galego, mais resultan moito máis grave nas áreas metropolitanas das cidades, vilas ou concellos máis grandes.

As razóns deste atraso está nas condicións extremas en que desenvolven a súa actividade os traballadores e as traballadoras deste servizo. Os cadros de persoal foron reducidos considerabelmente por non cubriren os postos vacantes por xubilacións, baixas por enfermidade, etc. O goberno do Estado español aplica a Galiza ratios de poboación sen ter en conta a dispersión poboacional do medio rural galego, ademais de teren traballadoras e traballadores que facer o servizo utilizando transporte propio e levar unha importante carga de traballo e peso.

A pasividade do goberno ao non cubrir as prazas vacantes no servizo de correos, así como por non dotar o cadro de persoal dos medios necesarios para desenvolver adecuadamente o seu traballo, está a provocar unha situación de tensión entre traballadoras e traballadores e unha gravísima deterioración do servizo, como xa se puxo de manifesto nas denuncias feitas por veciños e veciñas afectadas.

O noso concello non se pode dicir que estea desatendido, mais é grazas á profesionalidade do persoal da oficina de correos que ten que duplicar esforzos e facer un traballo que non lle corresponde debido á negativa da administración a cubrir as baixas que se producen no servizo. Esta situación de abuso e desprezo aos dereitos dos traballadores e traballadoras chega ao extremo de que nin sequera se substitúe ao persoal de reparto que está de vacacións, sobrecargando tamén ás traballadoras e traballadores co traballo que lles corresponde aos ausentes. Para máis aínda ameazan coa supresión dunha praza de carteira/o.

Todo isto, repercute necesariamente na calidade do servizo por mor da precariedade en que está traballando este persoal.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a adopción de medidas tendentes a solucionar a situación do servizo postal no noso concello e garantir o reparto coas condicións e a periodicidade adecuada.

Así mesmo, demandar a cobertura de vacantes nos cadros de persoal de Correos para resolver os problemas que afectan aos traballadores e traballadoras e ao servizo postal do noso concello.

Trasladar o presente acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno do Estado español e aos grupos parlamentares do Parlamento galego.

Ó remate da lectura engade que mantivo unha entrevista co persoal de correos os cales lle agradeceron o apoio do BNG. Quere deixar claro que se non se producen máis deficiencias é grazas ó esforzo do persoal.

O sr. Alcalde indica que segundo as conversas que mantivo co persoal de correos, o servizo en xeral non é malo, pero cando hai vacacións ou baixas laborais si que se resinte.

O Sr. Lomba Alonso quere significar que incluso se fala da posibilidade de que supriman unha das prazas de carteiro.

Sometida a moción a votación foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezasete votos a favor).

PUNTO DUODÉCIMO.- ROGOS E PREGUNTAS

O sr. Fontenla Martínez pide que se poñan todos os medios necesarios para arranxar as zonas de praias agora que chega a Semana Santa e o Concello da Guarda se está xogando o crédito.

A título persoal quere deixar constancia da devolución da copia en CD do Plan Xeral que se lles entregou obrigando a firmar unha clausula de confidencialidade. Manifesta que este proceso comezou moi mal, que é unha chapuza esta maneira de facer as cousas e que andaban copias do PXOU por ahí sen ningunha marca de auga. Pide que o próximo concelleiro que reciba unha copia do Plan Xeral teña maior seguridade xurídica e non se lle faga responsables de algo que non poden controlar.

O sr. Español Otero resposta que xa se dotou de persoal ó servizo para o adecentamento das praias da localidade.

A sra. Iglesias Ferreira quere deixar constancia de que lle parece lamentable que só unha hora despois de presentar o escrito de renuncia a representar ó Partido Popular xa se tivera coñecemento do municipio porque algún traballador o divulgou.

O sr. Alcalde pide disculpas como máximo responsable e di que intentará esclarecer estes feitos.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo ás vinte e unha horas e vinte e cinco minutos o Sr. Presidente levanta a sesión, de todo o que eu, como Secretario, dou fe.

ANEXO I. MODELO DE DECLARACIÓN SOBRE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E SOBRE ACTIVIDADES

NOME		DNI	
ENDEREZO		RÚA	N.º
LOCALIDADE		C.P.	
<p>De conformidade co disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 30 e 31 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro), formula a seguinte declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades e declara que:</p> <p><input type="checkbox"/> Non concorre ningunha das causas de incompatibilidade descritas nos artigos 177.2 e 178 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral</p> <p><input type="checkbox"/> Sí concurren as seguintes causas de incompatibilidade descritas nos artigos 177.2 e 178 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral</p> <p>1. _____</p> <p>2. _____</p> <p>3. _____</p>			
TIPO DE DECLARACIÓN			
<input type="checkbox"/> INICIAL (antes da toma de posesión)		CORPORACIÓN:	
<input type="checkbox"/> FINAL (con ocasión do fin do mandato)			
<input type="checkbox"/> CESE			
<input type="checkbox"/> MODIFICACIÓN (das circunstancias de feito, realizado no prazo dun mes dende que se produza a variación)			
ACTIVIDADE QUE DESENVOLVE			
1. ACTIVIDADE/CARGO PÚBLICO			
Administración/Empresa/Organismo:		Localidade:	Provincia:

Denominación do posto:		Corpo/Escala:	
Descrición da actividade:			
Remuneración anual:			
2. CARGO DE REPRESENTACIÓN POPULAR			
Órgano:	Cargo:	Remuneración anual:	
3. CARGO EN CÁMARAS O COLEGIOS PROFESIONAIS			
Corporación:	Localidade:	Provincia:	
Cargo:			
Remuneración:			
4. ACTIVIDADE POR CONTA PROPIA			
Actividade/empresa:	Localidade:	Provincia:	
Descrición da actividade:			
NIF:	N.º de inscrición/afiliación á Seguridade Social:		
5. ACTIVIDADE POR CONTA ALLEA			
Entidade/empresa:	NIF:		

Enderezo Social:	Localidade:	Provincia:
Descrición da actividade da empresa:		
Descrición da actividade que desenvolve na empresa		
6. OUTRAS ACTIVIDADES		
7. AMPLIACIÓN DE DATOS POLO DECLARANTE		

E para que conste ós efectos oportunos, asino a presente declaración e afirmo a veracidade dos datos consignados.

A Guarda, a ____ de _____ de _____

O/A Interesado/a,

O/A Secretario/a,

ANEXO II. MODELO DE DECLARACIÓN DE BENS

NOME		DNI	
ENDEREZO		RÚA	N.º
LOCALIDADE		C.P.	
De conformidade co disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, formulo a seguinte declaración sobre os bens e dereitos que integran o meu patrimonio			
TIPO DE DECLARACIÓN			
<input type="checkbox"/> INICIAL (antes da toma de posesión)		CORPORACIÓN:	
<input type="checkbox"/> FINAL (con ocasión do fin do mandato)			
<input type="checkbox"/> CESE			
<input type="checkbox"/> MODIFICACIÓN (das circunstancias de feito, realizados no prazo dun mes dende que se produza a variación).			
1. BENS DE NATUREZA URBANA			
	ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	MUNICIPIO	PROVINCIA
			Nº REXISTRAL
			DATA ADQUISICIÓN
1			
2			
3			
4			
2. BENS DE NATUREZA RÚSTICA			
	MUNICIPIO	PROVINCIA	DATA DE ADQUISICIÓN
			Nº REXISTRAL /CATASTRO
1			
2			
3			
4			
3. CONTAS E VALORES BANCARIOS			
	CLASE DE TÍTULO	ENTIDADE EMISORA	DATA DE CONTRATACIÓN

1					
2					
3					
4					
4. OUTROS VALORES MOBILIARIOS					
	CLASE DE TÍTULO	ENTIDADE EMISORA	N.º DE SERIE OU REXISTRAL	DATA DE ADQUISICIÓN	
1					
2					
3					
4					
5. DEREITOS REAIS					
	NATUREZA		CONTIDO DO DEREITO		
1					
2					
3					
4					
6. VEHÍCULOS					
	TIPO	MODELO	DATA DE ADQUISICIÓN	MATRICULA	OBSERVACIÓNS
1					
2					
3					
4					
7. SEMOVIENTES					
	ESPECIE	N.º DE CABEZAS	DESCRIPCIÓN	N.º DE CABEZAS	OBSERVACIÓNS
1					
2					

3					
4					
8. BENS MOBLES DE CARÁCTER ARTÍSTICO OU DE CONSIDERABLE VALOR ECONÓMICO					
TIPO		VALOR ARTÍSTICO		VALOR ECONÓMICO	
1					
2					
3					
4					
9. PARTICIPACIÓN EN SOCIEDADES					
SOCIEDADE		DATA DE ADQUISICIÓN		VALOR DA PARTICIPACIÓN	SOCIEDADES POR ELA PARTICIPADAS
10. LIQUIDACIÓN DE IMPOSTOS					
IMPOSTO (CONTÍA RESULTANTE)			DATA DA LIQUIDACIÓN		
1	RENDA				
2	PATRIMONIO				
3	SOCIEDADES				

E para que conste os efectos oportunos, asino a presente declaración e afirmo a veracidade dos datos consignados.

A Guarda, a _____ de _____ de 20_____

O/A interesado,

O/A secretario/a,